



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DE TAXAS POR UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL DAS INSTALACIONES DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS

EXPEDIENTE: 2021/X999/000074-2021/G006/000054

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.-En data de 10/11/2017, o concello de Abegondo aprobou definitivamente a ordenanza fiscal reguladora da TAXA POR UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL DAS INSTALACIONES DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS publicada Boletín Oficial de A Coruña N°4, de data 5 de xaneiro de 2018 .

SEGUNDO.-Consta no expediente a memoria co padrón correspondente o Inventario da utilización privativa ó aproveitamento especial de dominio público local das instalacións e transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos de data de 3 de marzo de 2019 realizada pola empresa VALBUENA Y RON INGENIEROS. Realizou un exhaustivo **Inventario de Ocupación**, que se encontra a disposición pública dos interesados, seguindo a Ordenanza Fiscal e Informe técnico económico, no que se detallan, entre outros, (i) denominación da instalación, (ii) titular da mesma, (iii) tensión, (iv) n.º de circuitos, (v) n.º de conductores, (vi) tipo de tarifa a aplicar, conforme a Ordenanza Fiscal, (vii) referencia catastral, (viii) polígono / parcela, (ix) titular del suelo y (x) lonxitude adoptada.

TERCEIRO.-Consta documentación no expediente para aprobar o padrón correspondente o Inventario da utilización privativa ó aproveitamento especial de dominio público local das instalacións e transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos realizado pola empresa VALBUENA Y RON INGENIEROS.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén establecida por:

- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Os artigos 20 a 27 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 35.4, 101 e 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Os artigos 21 a 23 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.
- A ordenanza fiscal reguladora da TAXA POR UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL DAS INSTALACIONES DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Os Concellos poden establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens do dominio público municipal, segundo as normas contidas na sección 3.ª do Capítulo III do Título I do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

SEGUNDA.-A realización deste tipo de taxas ven recollido e contemplado nos artigos nº17, nº20, nº24, nº25 e concordantes da Lei Reguladora das Facendas Locais, Texto Refundido aprobado por Real Decreto legislativo de 2/2004 de 5 de marzo.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Conforme a dita base legal, e en atención o principio de autonomía fiscal e financeira, contemplado nos artigos 139 e 140 e concordantes da Constitución Española, ditáronse, en desenrolo dos preceptos citados, entre outras normas, a Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, e en materia de Facendas Locais da Lei inicialmente 39/1988, reformada por la Lei 51/2002 e finalmente o actual Texto Refundido de 5 de marzo de 2004.

CUARTO.- Cúmprironse os requisitos legais para a imposición dos tributos locais, como o suposto das taxas tramitado o pertinente expediente de aprobación da ordenanza, de conformidade á citada Lei de Facendas Locais en vigor. E, pese os recursos das compañías de ordenanza, de conformidade á citada Lei de Facendas Locais en vigor. E, pese os recordos das compañías eléctricas, impugnado a imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal a mesma é de inmediata aplicación.

QUINTO. O Suxeito pasivo é obrigado tributario. Conforme á legalidade en vigor, resultan ser as empresas que levan a cabo como feito impositivo o transporte de enerxía, auga, gas, hidrocarburos e as tarifas que deben pagar veñen dadas na ordenanza que aprobo o pleno municipal de conformidade ao establecido nos trámites regulamentarios previstos nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da lei de facendas locais.

SEXTO. A liquidación tributaria é o acto resolutorio mediante o cal o órgano competente da Administración realiza as operacións de cuantificación necesarias e determina o importe da cota tributaria que resulte a pagar de acordo coa Normativa tributaria.

SÉTIMO.- Cumpridos os trámites, e sendo Ordenanza que se aplica, unha norma xeral, na base da mesma fórmula a presente liquidación o suxeito pasivo que se indica.

TITULAR	TIPO	LONXITUDE ADOPTADA (m)	COTA TRIBUTARIA 2021	TOTAL 2021
GRUPO I ELECTRICIDADE				
Red Eléctrica de España, S.A.U.	A1	115,62	1.413,68€	6.005,40€
	A2	438,94	3.284,58€	
	A4	195,71	1.307,14€	
Unión Fenosa Distribución, S.A.	C2	282,63	495,45€	2.625,70€
	D3	2.814,07	2130,25€	
Unión Distribuidores Electricidad, S.A. (UDES A)	D2	685,84	614,51€	614;51€



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Desconocido	D3	38,87	38,87€	38,87€
GRUPO II GAS E HIDROCARBUROS				
Enagas, S.A.	B	22,87	98,54€	3.236,79€
	C	340,08	3.138,25€	
Gas Natural Transporte SDG, S.L.	B	25,39	109,40€	109,40€
Nedgia Galicia, S.A.	B	310,85	1.339,45€	1.339,45€
Regasificadora del Noroeste, S.A. (REGANOSA)	C	321,43	2.966,15€	2966,15€
Sociedad Galega do Medio Ambiente, S.A.	C	26,56	245,09€	245,09€
CLH, S.A.	B	132,69	571,76€	571,76€

SEXTO.- O pago en período voluntario da presente liquidación deberá facerse nos seguintes prazos:

- Se a notificación da liquidación realízase entre os días uno e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación até o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, até o inmediato hábil seguinte.
- Se a notificación da liquidación realízase entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación até o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, até o inmediato hábil seguinte.

As formas de pago e lugar de pago admitido polo Concello son:

FORMAS DE PAGO ADMITIDAS POLO CONCELLO DE ABEGONDO	
Transferencia bancaria: ES94-2080-0044-45-3110000214	TPV dentro do concello

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

Visto que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local desta Entidade, **PROPONSE** a adopción do seguinte acordo.

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón fiscal do ano 2021 de TAXA POR UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL DAS INSTALACIONES DE ENERXÍA ELÉCTRICA,GAS, AUGA E HIDROCARBUROS

SEGUNDO.-Notificar a resolución e requirir o pago ao obrigado tributario a cantidade sinalada con expresión dos medios de impugnación que poden ser exercidos,órgano ante o que deben presentarse e prazo para a súa interposición,e o lugar,prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo,na data que figura na marxe

O Secretario

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.